

### **Concurso de novas ideas empresariais Compostela Activa 2009**

Conta cun orzamento de 24.000 euros, ten como obxectivo apoiar ás persoas que teñen unha idea de negocio, facilitando a posta en marcha do seu proxecto empresarial. Establécense **seis categorías** distintas fronte ás tres da edición anterior, cun premio de **4.000 euros para cada unha delas**. Son:

1. Novas ideas empresariais categoría xeral
2. Novas ideas empresariais promovidas por mulleres
3. Novas ideas empresariais promovidas pola xuventude
4. Novas ideas empresariais categoría Autoemprego
5. Novas ideas empresariais Comercio-Turismo
6. Novas ideas empresariais Industria-Servizos avanzados para empresas

Poden presentarse ao **Concurso de novas ideas empresariais** as persoas físicas ou xurídicas que teñan un proxecto empresarial e no momento de presentar a solicitude non iniciaran a actividade. Un mesmo proxecto pode presentarse a distintas categorías, sempre que se axusten aos criterios especificados nas bases.

Para concursar cómpre presentar a solicitude de inscrición (dirixida á Oficina de Promoción Económica), xunto á documentación especificada nas bases, en calquera dos rexistros cos que conta o Concello de Santiago.

### **Axudas para a creación de novas empresas Compostela Activa 2009**

Esta liña de incentivos conta cun orzamento de 80.000 euros. O obxectivo das subvencións é axudar economicamente aos novos proxectos empresariais a consolidar os seus negocios. O ano pasado beneficiáronse destes incentivos 22 empresas. Poderán optar ás axudas previstas nesta convocatoria as persoas físicas ou xurídicas que iniciaran a súa actividade entre o 1 de outubro de 2008 e o 31 de xullo de 2009, teñan a súa sede social, fiscal e de actividade no Concello de Santiago, e a súa actividade empresarial sexa viable económica, financeira e tecnicamente. Aos efectos deste programa enténdese como data de inicio de actividade aquela na que a persoa solicitante cause alta no IAE ou no seu caso, no censo de obrigados tributarios.

Cada proxecto empresarial pode percibir como máximo **3.000 euros**, con independencia do número de beneficiarios que o compoñan. A axuda poderá acadar o 100% dos gastos subvencionables, é dicir, os considerados como correntes e de primeiro establecemento realizados entre o 1 de xaneiro e o 31 de xullo de 2009 nos seguintes conceptos: existencias iniciais de mercadorías, custes de arrendamento de locais e/ou equipos, primas de seguros, abastecementos e gastos correntes e gastos de constitución da sociedade. O importe da axuda non poderá ser empregado con outros fins.

As solicitudes das axudas poderanse descargar da web [www.maiscompostela.org](http://www.maiscompostela.org) unha vez se publiquen as bases no BOP. Estarán dirixidas á Oficina de Promoción Económica e presentaranse en calquera dos rexistros cos que conta o Concello de Santiago, xunto á documentación especificada nas bases. Esta documentación incluírá un plan de empresa. Para a súa elaboración, as persoas interesadas poden contar co Servizo de Asesoramento ao Emprendemento da Oficina de Promoción Económica. Establécese un prazo de 15 días como tempo mínimo necesario para obter un debido asesoramento na elaboración do plan.

#### **OFICINA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO.**

Multiusos de San Lázaro, Porta 9. Avenida de Fernando Casas Novoa, 20. Telf: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.  
Correo electrónico: [promocioneconomica@santiagodecompostela.org](mailto:promocioneconomica@santiagodecompostela.org). Páxina web: [www.maiscompostela.org](http://www.maiscompostela.org)